

A ruta que imos realizar nesta xornada percorre o concello de Paradela, entre o val do Miño e a depresión de Sarria, en pleno Camiño de Santiago, e nela poderemos admirar verdadeiros monumentos naturais, preciosas paisaxes e mostras de arquitectura popular e relixiosa de notable importancia.

Saíremos dende a sé municipal tomando un sendeiro que nos levará directamente ata as beiras do río Loio, o cal cruzaremos ata catro veces, e que será noso guía ata que se una co Miño nas augas mansas do encoro de Belesar.

Pouco logo de cruzalo pola ponte da Retorta ascenderemos para atoparnos cun dos puntos de referencia do noso percorrido, un impresionante "carballo milenario" arrodeado doutros que veñen ser case do mesmo tempo.

O camiño continúa agora en baixada para levarnos ata o espectacular muíño da Retorta, un dos catro que se poden ver nesta ruta, pero o maior de todos, recentemente restaurado, que conta con tres pedras de moer e ofrece a oportunidade de obter unhas bonitas fotos.

Abraiaidos pola contorna que temos diante irémonos internando nun denso bosque que nos conducirá ao través dunha das paraxes máis fermosas deste sendeiro ata a ponte de Portocaneiro, tamén recentemente restaurada.

Seguindo o noso camiño, pouco antes de chegar á aldea de Loio de Cortes, atopámonos un indicador que sinala o desvío ás ruínas do mosteiro de Santa María del Loio (que non visitaremos) lugar no que nace a Orde Militar dos Cabaleiros de Santiago a principios do século XII, mediante un pacto entre a irmandade dos frades de Cáceres co prior e cóngos regulares de S. Agustín, que vivían no mosteiro.

Deixando atrás a devandita aldea e a súa capela do Rosario dirixímonos de novo ao Loio, primeiro por unha pista de terra e despois baixando nun precipitado descenso "sen camiño definido" ata alcanzar o río e máis tarde a estrada asfaltada na última das pontes a cruzar do día de hoxe (estamos a 343 m). Aproveitaremos aquí para tomar un pequeno refrixerio.

Con novas forzas iniciamos agora a suba máis longa da nosa senda que nos achegará en primeiro termo ata as aldeas da A Reguenga, O Poste e Santaia (557 m.), para descender despois uns cen metros ata a aldea de Cereixal, e ascender de novo ata a Ermida de Penaredonda (514 m.) onde xantaremos.

Reiniciada a nosa marcha, en breve iniciaremos un acusado descenso ao tempo que gozamos das preciosas paisaxes que forman primeiro o Rego do Bocelo e despois as augas do mencionado encoro de Belesar, cuxa beira iranos levando ata o singular mosteiro de San Facundo de Ribas de Miño, fundado en torno ao ano 1120, para acoller aos peregrinos que se dirixían a Santiago.

Na actualidade está formado exclusivamente polo templo parroquial e a casa reitoral, declarados en 1982 Monumento de Interese Nacional e restaurado en 1997.

A igrexa é dunha soa nave e remata nunha ábsida semicircular. Algúns autores estiman que a súa bóveda, constituída por seis robustos arcos de pedra, é a primeira manifestación do estilo gótico na península ibérica. No interior recuperáronse pinturas hispano-flamencas do ano 1474, nas que se representan a San Cristovo, San Sebastián e imaxes da Virxe co Neno.

A nosa camiñada remata a menos dun quilómetro do mosteiro á altura de abandonaa aldea da Adegua digna de ser visitada.

Distancia: 19.750 km

Dificultade: Media-Baixa



PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ 11-10-14/12-10-14 Ribeira Sacra (OU)
- ✓ 19-10-14 Fraga do río Barragan (PO)
- ✓ 16-11-14. Val do Seo. Bierzo (LE)
- ✓ 14-12-14 Senda Verde Ordenes-Cerceda (C)



Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA


ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



21 de septiembre de 2014

Das ribeiras do río LOIO
a San FACUNDO DE RIBAS DE MIÑO
(PARADELA. LUGO)



Altura
 Mínimo: 343 m Ascenso: 661 m
 Máximo: 600 m Descenso: 891 m
 Pendiente: 1.2 %



19,95 Km.